



Expediente IET: P-21-461

Proxecto: Parque eólico Piago e a súa infraestrutura eléctrica de evacuación

Concello: Cervo, Xove, Viveiro e O Valadouro (Lugo)

Promotor: Naturgy Renovables, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 21/06/2021 a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Piago e a súa infraestrutura eléctrica de evacuación.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción dun parque eólico (PE) de 27,6 MW de potencia eléctrica e a súa liña de evacuación, así como a infraestrutura asociada (camiños de acceso e de servizo, plataformas de montaxe e de almacenaxe, torre de meteoroloxía, centro de seccionamento e subestación eléctrica). O parque eólico Piago está integrado por 8 aerogeradores de 3,45 MW de 138 m de diámetro de rotor e 154 m de altura de buxe. Dende o centro de seccionamento situado no propio parque comeza unha liña de evacuación, LMT 30kV, cun primeiro tramo soterrado de 129 m, un tramo aéreo de 6.862 m e un tramo final novamente soterrado de 77 m para conexión coa subestación eléctrica (SET) 30/132 kv Piago. Dende a SET evacuarase a electricidade mediante unha liña aérea, LAT 132kV, de 283 m que se conectará coa LAT 132 kV PE Buio-SE Boimente. Ademais os



servizos auxiliares da SET estarán alimentados mediante outra liña, LMT 20kV, de 1.870 m de lonxitude que conectará coa LMT existente que alimenta o centro de transformación “Turberas de Buió”.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (Anexo 4), no que se inclúe unha diagnose do estado actual, as características principais do proxecto, o impacto previsto sobre a paisaxe e medidas para acadar a integración paisaxística.

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística A Mariña-Baixo Eo, na comarca paisaxística de A Mariña-Baixo Eo Litoral. Parte da liña de evacuación atópase na grande área Galicia Setentrional, nas comarcas paisaxísticas de Rías Altas Litorais e Serras e Fosas Setentrionais.

As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas á infraestrutura son a AEIP-11-06 Pozo da Ferida e a AEIP 12-02 O Pozo da Onza, situadas a 1,5 e 2,3 km respectivamente. Algo máis afastadas, atópanse a AEIP-12-01 Sargadelos e a AEIP-11-11 Serra do Xistral, a 3 e 3,5 km de distancia respectivamente. Respecto aos miradoiros, o máis próximo é o miradoiro Alto do Lombo Gordo a uns 2,3 km ao sueste. A 3 km ao leste do PE atópase o miradoiro Pelombrico e a 4,5 km ao noroeste sitúase o miradoiro A Medela. Cara ao sur da infraestrutura, a uns 2,5 km, atópase o lugar de especial interese paisaxístico O Pau da Vella. En relación co plan de ordenación do litoral, a 4,5 km ao nordeste atópase o espacio de interese paisaxístico Monte Castelo.

O parque eólico localízase nos Montes dos Cabaleiros, con cumios suaves de entre os 450 e os 550 m de altitude. Ao pé destes montes atopamos os vales conformados polo río Covo ao oeste e polo río Xunco ao leste. A meirande parte dos aeroxeradores e os seus viais de servizo atópanse sobre unidades de paisaxe de tipo turbeira, aparecendo dous aeroxeradores e parte dos seus viais sobre unidades do tipo afloramentos rochosos. Ao redor das zonas de turbeiras e rochedo aparecen plantacións forestais, xurdindo no val do río Xunco asentamentos rurais dispersos rodeados de mosaico agroforestal. As principais vías de comunicación do ámbito son as estradas LU-P-2604, LU-P-1503 e LU-P-2602 nas que se atopan os núcleos de Vilarifío, Trasbar e Ruela, a unha distancia de entre 1 e 3 km da infraestrutura. Nas proximidades aparecen numerosos parques eólicos existentes e en tramitación, situados a pouco mais de 1 km dos aeroxeradores do PE obxecto do informe.

A liña de evacuación parte dende os montes dos Cabaleiros, atravesa o val do río Covo e diríxese ao oeste bordeando o cumio de O Monte (San Isidoro) onde cambia a dirección cara o sur. No seu trazado atravesa principalmente plantacións forestais, afectando en menor medida a coberturas de mosaico agroforestal e turbeira.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha diagnose do estado actual da paisaxe no que se analiza a topografía, hidrografía, coberturas do solo e principais elementos do medio con incidencia paisaxística así como o grao de fragilidade, todo elo nunha área de estudio de 5 km dende os aeroxeradores e 2,5 km dende as liñas de evacuación. Con todo, o análise da conca visual que fai a continuación abrangue un ámbito de 20 km ao redor da infraestrutura. Para o análise da visibilidade emprega infografías amosando perspectivas do PE dende algúns puntos do ámbito próximo ao mesmo, pero nos todos os puntos de interese paisaxístico contidos no Catálogo e mencionados no anterior apartado.

A estimación de impactos do PE e a súa infraestrutura céntrase na modificación da cobertura vexetal e na intrusión visual, as cales cualifica como de impacto moderado. Non se fai unha análise concreta





na zona modificada pola infraestrutura dos impactos que esta produce, nin previamente da calidade visual da paisaxe en dita zona, senón que se extrapola a un ámbito de 5 km, polo que non se estuda o rochedo nin as turbeiras sobre as que se sitúan os apoios do PE e o seus servizos.

En base ao análise de impactos anterior, faise no apartado 5 do EIIP unha proposta de medidas de integración paisaxística que se limitan á optimización de ocupación do solo durante as obras e a súa reposición ao estado orixinal, á correcta xestión da terra vexetal e ao correcto balizado das zonas de obra.

No referente ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que se ben o parque e a súa infraestrutura non se sitúa dentro de ningunha AEIP, LEIP ou ruta de sendeirismo, existen potenciais afeccións sobre elementos de interese paisaxístico que non se analizaron como son os miradoiros e AEIP próximos. Cabe destacar ademais a importante afección a outros elementos de gran valor natural no ámbito do PE como son os afloramentos rochosos e turbeiras.

Ademais das carencias nas medidas preventivas e correctoras do EIIP tampouco conta coa xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxísticas esixidos no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e no artigo 27 do Regulamento da Lei 7/2008.

5. Conclusión:

O proxecto de parque eólico de Piago e a súa infraestrutura de evacuación pode producir efectos significativos sobre valores paisaxísticos que compre avaliar para establecer as oportunas medidas preventivas e correctoras. Para tal fin o EIIP debe completarse co seguinte:

- No relacionado coa diagnose do estado actual da paisaxe, e de acordo co apartado 2 do artigo 28 do Regulamento, deberase levar a cabo unha análise pormenorizada dos elementos que nel se describen, e en particular dos elementos naturais ou construídos que outorgan carácter a paisaxe, como son neste caso os afloramentos rochosos e a turbeira no ámbito do PE, así como as plantacións forestais no trazado da liña de evacuación.
- Respecto ao disposto no artigo 29 do Regulamento deberase analizar o impacto producido pola infraestrutura non so nun ámbito de 5 ou 20 km de radio si non tamén na propia superficie ocupada e modificada pola mesma. En concreto analizarase o impacto producido nas coberturas do solo de rochedo e turbeira, así como o impacto visual dende os elementos de interese paisaxístico sinalados no apartado 3 deste informe.
- De acordo co disposto no artigo 11.2.d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para as unidades de paisaxe afectadas.
- Deberanse completar as medidas a adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe salientar, neste caso, as seguintes:
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.a, no deseño do parque eólico deberanse ter en conta os resultados do EIIP, e particularmente as cuestións que se indican neste informe sobre os valores paisaxísticos e que servirán para cuantificar o impacto visual.



- Atenderase ao disposto na directriz de paisaxe DX.17.a). En concreto, deberase evitar a implantación de construcións en liñas de cornixa así como minimizar a afección aos afloramentos rochosos nos montes dos Cabaleiros por parte dos aeroxeradores, das súas plataformas de montaxe, das vías de acceso e das súas construcións auxiliares, posto que se trata de elementos compositivos que definen unha das maiores singularidades paisaxísticas destes altos. Na mesma liña, deberá asegurarse a maior compatibilidade posible coas masas de mato ou de arboredo autóctono de alto valor ecolóxico que poidan existir tanto no ámbito do parque como da liña de evacuación eléctrica (directriz DX 20.d).
- Así mesmo, buscaranse os emprazamentos das infraestruturas que provoquen unha menor incidencia visual aos miradoiros, de acordo coa directriz de paisaxe DX.26.c.
- No que atinxe á tipoloxía e características estéticas do centro de seccionamento e da subestación eléctrica, deberanse respectar as directrices de paisaxe DX.17.c e DX.20.m. De ser necesario para o seu amortecemento visual, no perímetro da infraestrutura dispórase unha pantalla vexetal realizada con especies autóctonas propias desta serra, de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

